



Informe sobre as alegacións presentadas

Asunto: Informe ás alegacións presentadas
Orzamento: 2023
Nº Total presentadas: 12
Servizo que informa: Director Superior Contable e Orzamentario
Publicación BOPP aprobación inicial: 21/11/2022, nº de Boletín 222
Período de exposición: 22/11/2022-14/12/2022, ambos inclusive

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 3 de novembro de 2022, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2023.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 03/11/2022 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2022. O prazo fixado comezou o día 03/11/2022 co acceso ao expediente 76/142 dende o 03/11/2022, e rematou as 13,00 horas do día 11/11/2022.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 11/11/2022 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión Extraordinaria do 15 de novembro de 2022, ditaminou favorablemente a proposta formulada do Orzamento para o ano 2023, contendo o pronunciamento sobre as emendas presentadas.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2022, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2023.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 1 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 21 de novembro, comezando a súa exposición o día 22, e rematando o prazo da mesma o 14 de decembro de 2022.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 12 alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2023.

Normativa de aplicación

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, coa modificación incorporada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021.

Suspensión das regras fiscais anos 2020 a 2023.

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita ao mesmo a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

O Pleno do Congreso dos Deputados determinou, o 13 de setembro de 2021, que persisten as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 2 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais para o ano 2022. Finalmente, dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro de 2022, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2023.

Réxime legal para a presentación de alegacións e reclamacións ao Orzamento

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lexitimación

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).

As reclamación e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Causas sobre as que se pode alegar ou reclamar

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas obxectivas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.P, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

1. Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 3 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

2. En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
3. En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial como consecuencia da estimación de reclamacións abrirose aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

Lugar de presentación das alegacións ou reclamacións

En canto á forma de presentación das alegacións, estarase ao previsto no artigo 14 da Lei 39/2015 e o previsto na Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021.

O artigo 7 da Ordenanza de Administración electrónica establece os medios de acceso, establecendo os seguintes canles: a) As oficinas de atención presencial que se determinen, incluídas as oficinas de asistencia en materia de rexistro, para facilitar o uso adecuado das canles electrónicas, b) A Sede Electrónica e puntos de acceso electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes. No seu artigo 6 establece como un deber da cidadanía, utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica con respecto das normas de uso para cada procedemento ou servizo.

Nunha aplicación xeral, a presentación de alegacións ou reclamacións, quedan suxeitas a presentación en calquera dos seguintes portais:

- Rexistro web.
- Rexistro de outras administracións.
- Rexistro electrónico do Concello.
- Rexistro presencial, mediante asistencia en materia de rexistro.
- Plataforma de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU).
- Rexistro electrónico da Administración Xeral del Estado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 4 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

- Oficina de Rexistro Virtual (ORVE).
- Correo postal.

Calquera reclamación ou alegación non presentada a través dos rexistros ou portais relacionados ou segundo o procedemento regulamentado na Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, non se terá en conta.

Tipificación de inadmisión ou rexeitamento

Aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a aceptación ou rexeitamento.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida.

En calquera dos supostos previstos, o informe detallará en síntese o contido da alegación e xustificará a causa da inadmisión ou se fose o caso, do rexeitamento/desestimación.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

Alegacións presentadas

1ª.- Alegación presentada por Dona María del Carmen Viñas Rodrigo, nº de documento de rexistro 220313862 de data 07/12/2022.

A alegación ten o seguinte contido: *Que a partida 1720.227.01.00 del Servicio de Medio Ambiente, en la que se incluye el servicio de ayuda a la accesibilidad a playas para personas con movilidad reducida en diversas playas de Vigo, se amplíe en el montante suficiente para que dicho servicio esté en funcionamiento desde el 15 de junio al 15 de septiembre. Se adjuntan las 700 firmas recogidas en apoyo a esta petición.*

2ª.- Alegación presentada por Dona Patricia Deaño Gonzalez, nº de documento de rexistro 220319175 de data 12/12/2022.

3ª.- Alegación presentada por Dona Elena Deaño González, nº de documento de rexistro 220319185 de data 12/12/2022.

4ª.- Alegación presentada por Don Lorenzo Deaño Sarabia, nº de documento de rexistro 220319195 de data 12/12/2022.

5ª.- Alegación presentada por Dona Olga González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319182 de data 12/12/2022.

6ª.- Alegación presentada por Dona Carmen González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319194 de data 12/12/2022.

7ª.- Alegación presentada por Dona Isabel Manteiga Gorcal, nº de documento de rexistro 220320390 de data 13/12/2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 5 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

8ª.- Alegación presentada por Dona Rebeca Rodríguez Dasilva, nº de documento de rexistro 220321100 de data 13/12/2022.

As alegacións relacionadas teñen o mesmo contido e o seu contido é o seguinte:

De acordo con lo previsto en los artículos 168 a 171 del Real Decreto Legislativo 2/2004, del 5 de marzo, por lo que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, presento la siguiente alegación:

Que la partida 1720.227.01.00 del Servicio de Medio Ambiente, en la que se incluye el servicio de ayuda a la accesibilidad a playas para personas con movilidad reducida en diversas playas de Vigo, se amplíe en el montante suficiente para que dicho servicio esté en funcionamiento desde el 15 de junio al 15 de septiembre.

9ª Alegación presentada (CINCO solicitudes) por D. Anxo Iglesias Covelo, en representación da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 220321221.

A alegación consta dun documento que reflicte catro solicitudes cuxa síntese se reflicte.

Solicita:

Alegación nº 1.- Inclusión dunha nova aplicación para un Plan de beirarrúas en Teis por unha contía de 450.000 euros, diminuíndo a contía da aplicación número 3260.2279917, Programa educativo aulas internacionais, quedando en esta partida cunha dotación de 2.003.400,00 euros.

Alegación nº 2.- A inclusión dunha nova aplicación de mellora do Parque da Riouxa por 400.000 euros, financiándose coa diminución da aplicación 4320.2279902, Promoción turística destinos aéreos, quedando esta aplicación con 1.200.000,00 euros.

Alegación nº 3.- Inclusión dunha nova aplicación para Programación auditorio Teis por 150.000,00 euros, financiándose coa diminución da aplicación 9120.1100000, retribucións persoal eventual de gabinete, quedando esta aplicación con 529.063,28 euros.

Alegación nº 4.- Inclusión dunha nova aplicación de mellora do saneamento da rúa Arnela por un importe de 150.000 euros, diminuíndo da aplicación 9120.2279906, Producción e seguimento plan de medios, quedando o crédito desta aplicación en 158.419,27 euros.

Alegación nº 5.- A inclusión dunha nova aplicación de Plan de asfaltados en Teis, cunha contía de 450.000,00 euros, diminuíndo a aplicación 9120.2260200, anuncios, bandos e campañas institucionais, quedando esta aplicación con 768.199,59 de euros.

10ª Alegación presentada por D. Antonio Rodríguez Martínez con DNI 53.178.380-B, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores.

Solicita que se aumente a subvención nominativa prevista na aplicación 3370.4890002.

O proxecto de Orzamento para o ano 2023 do Concello de Vigo inclúe unha subvención nominativa por valor de 28.000 euros que permite o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na asociación, sendo a principal delas o espazo de ocio infantil que realiza a súa actividade nos terreos da sede social. Dado o aumento de custes das prestacións, solicita incrementar a devandita subvención nominativa até os 34.000 euros, con cargo á diminución da aplicación 9120.2279905, Programas Alcaldía, quedando esta aplicación cunha dotación de 114.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 6 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

11ª Alegación presentada por Dona Carmen Garcia Garrido en calidade de presidenta da Asociación de Jubilados y Pensionistas Villa Galicia, documento nº 220321993.

Solicita o incremento da subvención nominativa que figura no orzamento, pasando dos 4.000,00 euros aos 8.000,00 euros, diminuindo a aplicación 9120.2279905, Programas Alcaldía, quedando en 114.000,00 euros.

12ª Alegación presentada por Dona María Asunción Pérez González en calidade de Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 220321731.

Solicita a Inclusión dunha nova aplicación para un convenio coa FAVEC por un importe de 80.000,00 euros, diminuindo da aplicación 3380.4890000, Transferencias e Entidades e Comisións de Festas, quedando o crédito desta aplicación en 220.000,00 euros.

Contestación ás alegacións da 1ª a 8ª (teñen a mesma pretensión).

Segundo previsto no artigo 170.1.c) do TRLRFL, a lexitimación activa para presentar alegacións, está xustificada pola condición de habitantes do territorio. No entanto, as alegacións número 4ª e 5ª, teñen o seu enderezo, no municipio de Gome sende, Ourense, polo que non terían a lexitimación para presentar alegacións ao Orzamento do Concello de Vigo.

En todo caso, dáse resposta a totalidade das alegacións deste bloque, por ter solicitado o mesmo que as restantes (1ª, 2ª, 3ª, 6ª e 7ª).

En relación co solicitado (aumentar o tempo de prestación do servizo de accesibilidade ao baño para persoas con mobilidade reducida), non é un suposto de alegación ou reclamación ao Orzamento, será o servizo xestor de Praias e Medio Ambiente quen faga unha proposta concreta para modificar o contrato se fose o caso, de tal xeito que o mesmo se preste nos tempos aos que fan referencia as alegación, entre o 15 de xuño e o 15 de setembro.

Segundo o previsto no artigo 170.2 do TRLRFL, as alegacións teñen que obedecer aos seguintes supostos:

Por non haberse axustado a elaboración e aprobación dos orzamentos aos trámites establecidos no propio TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. É dicir, que un contrato o calquera título formalizado non tivese o crédito para afrontar as obrigas xurdidas da relación contractual.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

O servizo xestor terá que xestionar a prestación, e con cargo ao seu orzamento, terá que afrontar os axustes orzamentarios que considere oportunos en aras a modificar o contrato e a prestación si fose o caso.

A área de gasto 1, na que está integrado o Servizo de Medio Ambiente, dispón de créditos para afrontar o modificado do contrato se fose o caso ou para axustar a prestación ao solicitado.

En consecuencia co anterior, non se pode atender a reclamación-alegación, por non estar nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 7 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, aínda que, sería posible un modificado do contrato que é competencia do servizo.

En resume, as alegacións presentadas codificadas como 1ª a 7ª, non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, sendo o servizo de Praias e Medio ambiente, o que ten que impulsar o expediente que corresponda para satisfacer esa necesidade si o considera viable con cargo aos créditos que figuran no proxecto de Orzamento, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2022, ben modificando o contrato vixente ou tramitando un novo expediente, polo que, a alegación resulta inadmitida, informando no obstante, que sería posible cos créditos dotados na Área de gasto 1, modificar o contrato coa finalidade prevista.

Contestación á alegación 9ª, que contén 5 solicitudes.

A lexitimación activa ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC. Neste caso, a lexitimación está na súa condición de presidente da Asociación de Veciños de Teis.

En relación coas alegacións presentadas, ningunha está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación.

Ademais do anterior, as reclamacións 1ª, 4ª e 5ª, financian o incremento de gasto con aplicacións orzamentarias asociadas a contratos, polo que non poden ser reducibles, xeraría unha insuficiencia de recursos para atender obrigas contractuais. A reclamación 3ª, propón financiarse con créditos asociados a contratos de persoal eventual, o cal, resulta non axustado a Dereito, os contratos deses traballadores quedarían sen cobertura orzamentaria.

Tendo en conta que as reclamacións contidas na alegación, non se axustan a Dereito, o Pleno debe acordar a súa inadmisión.

Contestación á alegación 10ª e 11ª.

A dotación á que fan referencia na alegación 9ª e 10ª, son subvencións nominativas. As subvencións previstas nominativamente no Orzamento aprobado, non poderán ter outra finalidade obxectiva nin subxectiva que a aprobada polo Pleno, de non ter esa aplicación, o Pleno será o órgano que teña a competencia para alterar a finalidade, agás que as Bases de Execución reflicten esta delegación na Xunta de Goberno Local.

A variación no importe da subvención tería que someterse á aprobación ou modificación do convenio vixente, no que se avalíase obxectivamente o custe da prestación que se está a desenvolver, aínda que en ningún caso é unha prestación de servizos municipais, de ser así, habería que regular un procedemento de licitación e adjudicación do contrato, baixo os principios de igualdade, publicidade e concorrencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 8 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

A concesión dunha subvención, non xera dereitos a futuro, como tal, os acordos de concesión, poden estar sometidos a revisión de forma continuada.

O carácter da subvención non é asimilable ao do prezo do contrato, que podería ter previsto nos Pregos reguladores da prestación, unha revisión de prezos, na actualidade, tampouco existe norma para a revisión de prezos dos contratos de prestación de servizos con carácter xeral.

A pretensión de adecuar a subvención á variación do índice de prezos ao consumo, non pode constituír un suposto de alegación ao Orzamento.

As alegacións presentadas polo Sr. Presidente da Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores e por Dona Carmen Garcia Garrido en calidade de Presidenta da Asociación de Jubilados y Pensionistas Villa Galicia, non están nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non teñen a cualificación de alegacións, tratase dunha solicitude de aumento de subvencións nominativas, non dunha alegación, debe de ser inadmitida por imperativo legal.

Contestación á alegación 12ª

A alegación presentada pola Sra. Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao de crear e dotar unha aplicación de 80.000,00 euros, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, non se trata dunha alegación, senón dunha aplicación alternativa dos recursos aprobados inicialmente polo Pleno, polo que, a alegación resulta inadmitida, todo elo, sen prexuízo en que na medida en que o permitan os recursos orzamentados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños .

A este respecto, o Proxecto de Orzamento para o ano 2023, ten dotado no programa 9240, partida 4890000, subvencións a entidades cidadás, unha contía de 350.000,00 euros, que anualmente, se aproban unhas Bases e unha convocatoria para a concesión de axudas as AAVV en réxime de concorrência competitiva, polo que, a FAVEC, pode concorrer á convocatoria en igualdade de condicións que as restantes AAVV.

Conclusiones

O proceso de formación-elaboración e aprobación do Orzamento someteuse ao procedemento regulamentado no TRLRFL.

As alegacións presentadas por:

Dona María del Carmen Viñas Rodrigo, nº de documento de rexistro 220313862 de data 07/12/2022.

Dona Patricia Deaño González, nº de documento de rexistro 220319175 de data 12/12/2022.

Dona Elena Deaño González, nº de documento de rexistro 220319185 de data 12/12/2022.

Don Lorenzo Deaño Sarabia, nº de documento de rexistro 220319195 de data 12/12/2022.

Dona Olga González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319182 de data 12/12/2022.

Dona Carmen González Vázquez, nº de documento de rexistro 220319194 de data 12/12/2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 9 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Dona Isabel Manteiga Gorcal, nº de documento de rexistro 220320390 de data 13/12/2022.

Dona Rebeca Rodríguez Dasilva, nº de documento de rexistro 220321100 de data 13/12/2022.

Non se atopan encadradas en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, sendo o servizo de Praias e Medio ambiente, o que ten que impulsar o expediente que corresponda para satisfacer esa necesidade si o considera viable con cargo aos créditos que figuran no proxecto de Orzamento, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2022, ben modificando o contrato vixente ou tramitando un novo expediente, polo que, a alegación resulta inadmitida, informando no obstante, que sería posible cos créditos dotados na Área de gasto 1, modificar o contrato coa finalidade prevista.

As devanditas alegacións por imperativo legal, deben de ser inadmitidas.

A alegación presentada por D. Anxo Iglesias Covelo, en representación da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 220321221, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe, non responden aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que teñen que ter algunha das seguintes causas:

Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

O financiamento que propón ten causa en baixas de aplicacións asociadas a contratos vixentes e crédito de persoal, en todos os casos, non sería reducible a dotación

A alegación presentada na que inclúe CINCO solicitudes, debe ser INADMITIDA por:

- i) Non estar nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL.
- ii) Propor un financiamento con baixas en outras aplicacións que non poden ser reducidas.

En consecuencia, non cumpre co previsto no bloque de legalidade que lle é de aplicación, deben ser inadmitidas.

Alegación presentada por D. Antonio Rodríguez Martínez, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural, Deportiva e de Consumidores e Usuarios de Lavadores, documento 220321972, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha solicitude de aumento dunha subvención nominativa, non dunha alegación, polo que, por aplicación do TRLRFL, debe ser inadmitida como alegación.

Alegación presentada por Dona Carmen Garcia Garrido en calidade de presidenta da Asociación de Jubilados y Pensionistas Villa Galicia, documento nº 220321993, non está nos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non responden a ningún dos supostos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, solicita un aumento dunha subvención nominativa, polo que, por aplicación do TRLRFL, debe ser inadmitida como alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 10 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Informe sobre as alegacións presentadas

Alegación presentada por Dona María Asunción Pérez González en calidade de Presidenta da Federación de veciños Eduardo Chao, documento nº 220321731

A alegación presentada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, non se trata dunha alegación, senón dunha aplicación alternativa dos recursos aprobados inicialmente polo Pleno, polo que, a alegación resulta inadmitida.

Proposta

En canto á proposta, unha vez que se reflicta a inadmisión das alegacións presentadas, o contido será o mesmo que o aprobado polo Pleno en sesión do 18 de novembro 2022, que se corresponde coa aprobación inicial do Orzamento, non requirindo a incorporación de ningún informe adicional, coa excepción da nova proposta que formule o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

En canto á resolución das alegacións, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

As alegacións presentadas en prazo e forma, polos canles legalmente establecidos e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 14 de decembro, foron avaliadas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

Tendo en conta o anterior, fórmulase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a Proposta que asina o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro - Director Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

ASINADO POR: DIRECCION SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACION - (LUIS GARCIA ALVAREZ) 15/12/2022 10:36:23

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2022 08:14	Páxina 11 de 11
76-142	CSV: A4AHB8-C7C9D2-D4D9BF-L9B3GH-XJF1PN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		